

PROGRAMA
GALEGO DE
DETECCIÓN
PRECOZ DO

CÁNCERO
COLORRECTAL



Anticiparse pode salvar vidas



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Saúde Pública

EDITA

Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Saúde Pública

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN: quattro idcp

Depósito legal: C 1070-2023


Santiago de Compostela, 2023

Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal

É un programa organizado pola Consellería de Sanidade e está dirixido a homes e mulleres de 50 a 69 anos.

Mediante a detección precoz conséguense diagnosticar o cancro en etapas menos avanzadas da enfermidade, polo que se aumentan as posibilidades de curación.

Consiste en facer, cada dous anos e no propio domicilio, unha proba sinxela para detectar sangue oculto nas feces. Ademais, os programas de detección precoz demostraron que poden reducir o risco de desenvolver cancro de colon e recto.



/

Que é o cancro colorrectal?

É un tumor maligno que aparece no intestino groso a partir dunha lesión chamada pólipo. Algúns pólipos, os chamados adenomas, son lesións premalignas que poden transformarse en cancro tras varios anos de evolución e estenderse a outras partes do corpo. Estas lesións premalignas poden extirpase evitando así que evolucionen a cancro e, se xa existe un cancro, pode detectarse nun estadio precoz e será máis doado o seu tratamento e máis probable a súa curación. Por iso é importante facer un diagnóstico precoz.

2

Con que frecuencia aparece?

É o tumor máis frecuente nos países desenvolvidos para o conxunto da poboación e tamén, cando desagregamos por sexo, ocupa os primeiros postos tanto en incidencia como en mortalidade. As persoas con historia familiar de cancro colorrectal e aquelas con enfermidades inflamatorias intestinais crónicas e/ou pólipos adenomatosos teñen máis risco de desenvolver cancro colorrectal. Independentemente destas situacións, o risco aumenta a partir dos 50 anos especialmente nos homes.

3

Que síntomas presenta?

O cancro colorrectal non adoita causar ningunha molestia ata que o cancro está moi avanzado.

O cancro nas súas fases iniciais e os adenomas poden sangrar de modo intermitente sen producir molestias. Algúns síntomas que se identificaron como máis frecuentes cando hai un cancro colorrectal son: cambios de hábito intestinal (xa sexa en forma de diarrea ou estrinximento) de varias semanas de duración e emisión de sangue polo recto sen molestias anais ou asociada a cambios de hábito intestinal.

Se vostede ten algún destes síntomas, consulte co persoal médico do seu centro de saúde. Na maioría das ocasións non será debido a un cancro. Non obstante, para determinar a causa dos síntomas, o profesional médico avalía o historial persoal e familiar, realiza un exame físico e poderá solicitar algunhas probas diagnósticas (análise, colonoscopia).

4

Que pode facer vostede para evitar que apareza o cancro colorrectal?

- Aumentar o consumo de froita e verdura
- Limitar o consumo de graxas de orixe animal
- Facer exercicio físico regularmente
- Evitar a obesidade
- Moderar o consumo de bebidas alcohólicas
- Evitar o tabaco

Ademais destas medidas, se a súa idade está entre os 50 e os 69 anos, o Programa galego de detección precoz de cancro colorrectal ofrécelle a posibilidade de realizar unha proba de sangue oculto nas feces.



5

En que consiste a proba de sangue oculto nas feces?

Os adenomas e cancros colorrectais ás veces producen un sangrado. Mediante a proba de sangue oculto en feces inténtase detectar pequenas cantidades de sangue que non son apreciables a simple vista.

Esta proba non serve por si soa para diagnosticar un cancro colorrectal, pero os seus resultados permitirannos determinar se é necesario realizar unha exploración intestinal mediante unha colonoscopia.

6

Como pode participar?

Se vostede está dentro do grupo de idade, recibirá no seu domicilio o material necesario e as instrucións para recoller a mostra de feces. Unha vez recollida a mostra, debe entregala no seu centro de Atención Primaria. Nunhas semanas comunicáremoslle o resultado por SMS ou por carta. Tamén poderá consultar o resultado no seu centro de saúde a través do profesional de Atención Primaria e na plataforma É-saúde.



7

Cales son os posibles resultados da proba e como se comunican?

Se na proba non se detecta sangue nas feces, recibirá un SMS con este resultado. Tamén poderá consultalo na plataforma É-saúde ou a través do seu profesional de Atención Primaria pasado un mes desde a entrega da mostra. Isto sucédelle a 940 persoas de cada 1.000 que realizan a proba. Este resultado negativo quere dicir que é pouco probable que teña cancro de colon no momento actual pero debe saber que esta proba non é 100% exacta, polo que, se nota algún síntoma, debe consultar cun profesional médico. Pasados dous anos recibirá por carta o material necesario para realizar a proba de novo.

En 60 persoas de cada 1.000 que realizan a proba detéctase que hai indicios de sangue nas feces e deben realizar unha colonoscopia para coñecer a orixe do sangrado. Se este é o seu caso, recibirá unha carta cunha cita no seu centro de saúde onde lle darán, tras unha consulta cos profesionais sanitarios, a información que necesite sobre a colonoscopia, confirmarán que non existe ningún impedimento para a súa realización e proporcionaránlle o necesario para facer a exploración.

Nunha porcentaxe mínima de casos non é posible obter un resultado. Se isto acontece, enviaráselle de novo a proba ao seu domicilio dado que a causa máis frecuente deste resultado é que non se recollese ben a mostra. É importante seguir correctamente as instrucións.



8

Que é unha colonoscopia?

É unha exploración do interior do intestino que se realiza cun tubo flexible que entra ao colon e ao recto a través do ano. Realízase nun hospital da rede do Servizo Galego de Saúde e con sedación para que a proba non sexa dolorosa. Se durante a realización da colonoscopia se detecta algún pólipo, case sempre será posible quitalo, co que se evita a progresión daquelas lesións que poderían derivar nun cancro de colon ou recto. Se na exploración se detecta un cancro e o tamaño e tipo de lesión o permiten, procederase á súa extirpación nese momento e só se precisarán revisións posteriores. No caso contrario, o cancro poderá ser operado tendo en conta que o feito de telo detectado precozmente mellorará o pronóstico e aumentarán as posibilidades de curación.

De cada 1.000 persoas que realizan a proba de detección de sangue oculto nas feces, 43 terán adenomas premalignos. Só nuns poucos casos, aproximadamente en 3 persoas de cada 1.000 que fagan a proba, se detectará un cancro de colon ou recto.



9

Como podo contactar co programa?

Pode contactar co programa por teléfono
ou no enderezo electrónico:

T. 881 547 465


infocolon@sergas.es



Se quere ampliar esta información, pode consultar a páxina web
da **Dirección Xeral de Saúde Pública**:

[https://www.sergas.es/Saude-publica/Programa-de-detección-
precoz--do-cancro-colorrectal](https://www.sergas.es/Saude-publica/Programa-de-detección-precoz--do-cancro-colorrectal)

Todos os datos obtidos das persoas que participan no programa son
tratados de forma confidencial atendendo á lexislación vixente sobre
protección de datos de carácter persoal.



PROGRAMA
GALEGO DE
DETECCIÓN
PRECOZ DO
CANCRO
COLORRECTAL

*Consellería de Sanidade
Edificio administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
infocolon@sergas.es*